

García Negro e Rivas triunfan nos Premios AELG 2011

Francisco Fernández, Ana Romaní, Marcos Calveiro, Manuel Lourenzo ou a tradutora Marga do Val tamén foron galardoados

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade presidida por Cesáreo Sánchez, fixo públicos durante a Cea das letras, que tivo lugar en **Santiago de Compostela**, os nomes dos gañadores dos Premios AELG 2011 nas súas diversas categorías.

En narrativa, o premio foi para **Manuel Rivas** por *Todo é silencio*. O texto competía con *Obediencia*, de Antón **Lopo**; *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga; *Settecento*, de Marcos Calveiro; e *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas.

No que respecta ao mellor ensaio, *O clamor da rebeldía*. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo, da profesora da Universidade da Coruña e colaboradora de **Xornal de Galicia**, Pilar García Negro, fíxose co galardón, superando aos seus competidores, Manuel Castelao –por *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero*–, e Carlos Paulo Martínez Pereiro –co seu texto *A man que caligrafando pensa: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*–.

En poesía, Ana Romaní co seu poemario *Estremas* impúxose a Antía Otero, que estaba nominada por *Retro(visor)* e a Francisco X. Fernández Naval, por *Bater de sombras*. Pola súa banda, na categoría de teatro, a peza *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, fíxose co premio. Os outros candidatos eran *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo e *Cínicas*, de Teresa Moure.

A mellor tradución do ano 2010 segundo a AELG foi a de Marga do Val en *Randea do alento*, de Herta Müller, mentres que a mellor obra de literatura infanto-xuvenil foi *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro. Asemade, os socios da Asociación de Escritores en Lingua Galega consideraron que a mellor traxectoria en xornalismo cultural 2010 foi a de Ramón Nicolás e que o mellor blog literario foi *O levantador de minas*, de Alfredo Ferreiro.

Alén destas categorías, a AELG entregou o Premio Institución Cultural á Fundación Penzol, por ser “un proxecto de país, creado para permanecer e dar ás novas xeracións o noso legado cultural”; e o título de Escritor Galego Universal ao ovetense Antonio Gamoneda, por reunir na súa figura “unha combinación de excelencia literaria con compromiso ético”.